


D I C T A M E

Dictame
2/03

sobre o anteproxecto de
**LEI POLA QUE SE MODIFICA
A LEI 9/1991,
DO 2 DE OUTUBRO,
GALEGA DE MEDIDAS
BÁSICAS DE
INSERCIÓN SOCIAL**



Edita: Consello Económico e Social de Galicia

Este dictame pode consultarse tamén no sitio web do Consello:

www.ces-galicia.org

1.- ANTECEDENTES

1.- En data 14 de marzo tivo entrada no Consello Económico e Social oficio da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo dictame por este organismo, o borrador do anteproxecto de Lei polo que se reforma a Lei 9/1991, de 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social.

2.- O texto do borrador foi enviado, o luns 17 de marzo, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, con data 14 de marzo, da entrada de solicitude de dictame.

3.- Con data 17 de marzo, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o luns 24 de marzo, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 05/03, acorda aprobar por unanimidade a proposta de Dictame, con data 24 de marzo, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ó Pleno do Consello, que na súa sesión 02/03, de 26 de marzo, e tras coñecer-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

sobre o anteproxecto de Lei de reforma da Lei 9/1991, de 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social .

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Anteproxecto sometido a dictame consta dun artigo único onde se modifican os artigos 9, 12, 14, 18, 20, 24, 31, 32, 33, 34, 35 e 50, así como as disposicións adicionais primeira e terceira da Lei 9/1991, de 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social.

No que respecta ó contido do Anteproxecto sometido a dictame, dende a perspectiva das novas políticas activas de emprego e seguindo as tendencias apuntadas pola Mesa Autonómica de Avaliación e Seguimento da Renda de Integración Social, considérase adecuado abordar melloras na prestación da renda de integración social de Galicia e nas axudas para situacións de emerxencia social. Dado que o plan de loita contra a pobreza regulado pola Lei 9/1991 está consolidado, corresponde examinalas incidencias apreciadas nos dez anos transcorridos dende a súa entrada en vigor, entre as que se aprecia fundamentalmente as necesidades de incrementar as contías das prestacións económicas e de prolongar a súa percepción ata o momento en que o beneficiario alcance unha axeitada integración social; o máis relevante neste senso, é o aumento da súa contía, incrementándose o importe do subsidio básico ata que ascenda ó 75% do salario mínimo interprofesional, establecéndose tamén no caso dos complementos familiares respectivas porcentaxes sobre o importe mensual de dito salario.

Por outra banda mantense a extinción polo transcurso de catro anos na percepción da renda introducindo a excepción de que fose necesario manter a prestación pola situación de exclusión social e/ou desestructuración familiar de unidade de convivencia, especialmente cando existen menores na mesma.

No que respecta á imposibilidade de reiterar a solicitude da renda en determinados supostos de exención, redúcese o prazo de espera de dous a un ano. Tamén se modifica a regulamentación da devolución cando exista ocultación ou falseamento de datos por parte do beneficiario.

Adáptanse as prescricións sobre estranxeiros ó marco da Unión Europea e á nova normativa sobre a materia, igualándose os requisitos de acceso dos nacionais e dos estranxeiros, co único requirimento da existencia da residencia legal en España ós estranxeiros non comunitarios.

En canto ó cómputo dos ingresos dos solicitantes, deben valorarse os ingresos e os bens que posúe o peticionario no momento da solicitude.

Co fin de incentivar a incorporación dos beneficiarios da renda de integración social de Galicia ó mercado de traballo, recollese o principio do outorgamento da máxima protección permitida pola normativa estatal e comunitaria vixente, en materia de incentivos, tanto para a contratación por conta allea como para o autoemprego e economía social. Tamén se establece que os beneficiarios da renda terán prioridade nos programas de colaboración coas Administracións Públicas e entidades sen ánimo de lucro, para a realización de obras e servicios de interese xeral ou social.

En canto ás axudas para situacións de emerxencia social cabe sinalar que se establece un sistema de anticipos de ata o 100% do importe da axuda.

Finalmente modifícanse dúas disposicións adicionais, unha para esixir que os orzamentos da Comunidade Autónoma inclúan as partidas necesarias para o financiamento dos programas contemplados na lei reformada e outra para autorizar á Xunta de Galicia a publicar un texto refundido que recolla tódalas modificacións do texto refundido, e introdúcese nesta Lei dúas disposicións transitorias que establecen un réxime de aplicación progresiva dos incrementos das contías establecidas.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O Consello Económico e Social de Galicia considera necesario e oportuno o anteproxecto de lei polo que se reforma a lei 8/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, que se somete a dictame, porque mellora a prestación da renda de integración social de Galicia e se facilita o acceso a ditas prestacións sociais.

O CES considera que a prestación baséase na unidade de convivencia e non no individuo, aspecto que debería ser obxecto de reflexión, xa que este concepto afecta notablemente a todos aqueles posibles perceptores que se agrupan para facerlles fronte en mellores condicións ó acceso á vivenda, gastos, etc. Neste senso

deben interpretarse as consecuencias da desestructuración familiar da unidade de convivencia ás que se refire o artigo 32.1, epígrafe g.

2.- O CES-Galicia considera que se debería aproveitar esta oportunidade para avanzar máis na acción protectora das políticas de rendas mínimas tanto na súa contía como nos requisitos de acceso e prazo de extinción.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- O **artigo 9** do anteproxecto de Lei polo que se reforma a Lei 9/1991, de 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inclusión social, determina os requisitos que deben reuni-las persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. No epígrafe **a)** do **apartado 1** de dito artigo, establécese como requisito para ser beneficiario da renda de integración social de Galicia para aquelas persoas que, procedentes doutras comunidades autónomas do estado español, sexan beneficiarias do salario social da Comunidade Autónoma da que procedan, que na lexislación da Comunidade da que procedan se recolla a reciprocidade.

O CES considera necesario instar un acordo marco xeral na Conferencia Sectorial de Asuntos Sociais para que as distintas Comunidades Autónomas inclúan na súa normativa o principio de reciprocidade do recoñecemento dos beneficiarios desta renda de integración social.

No mesmo **apartado 1** deste artigo establécese que poderán ser beneficiarios da renda de integración social de Galicia os cidadáns de estados non membros da Unión Europea que, ademais de cumprir as condicións previstas nesta lei, acrediten a residencia legal en España no momento da formulación da solicitude.

O CES, tendo en conta que os trámites do permiso de residencia prolónganse, en xeral, por riba dos nove meses, considera que deberían arbitrarse procedementos de acceso á prestación que consideren que o feito causante da cobertura da situación de necesidade poida retrotraerse á data da solicitude da renda de integración social, no caso de que a resolución do permiso de residencia fose positiva.

2.- O artigo 12 do anteproxecto de Lei sometido a dictame determina a contía do subsidio básico, a contía do complemento variable e o importe que percibirá cada usuario. No **apartado 1** de dito artigo establécese que a contía do subsidio básico será equivalente ó 75 % do importe mensual do salario mínimo interprofesional, fixado na lexislación específica que resulte aplicable.

O CES considera que, mantendo que, en ningún caso, o importe que perciba cada beneficiario supere o límite do 125 % do importe mensual do salario mínimo interprofesional, debería establecerse un procedemento de revisión da contía do subsidio básico para aproxima-lo seu importe mensual ó salario mínimo interprofesional.

3.- No epígrafe c) do apartado 1 de artigo 14 establécese que, en todo caso non se considerarán os ingresos irregulares que unicamente resulten un complemento de supervivencia nin tampouco os ingresos de carácter finalista dirixidos á formación regrada ou a paliar situacións os emerxencia social.

O CES entende necesario introducir na redacción do citado epígrafe que as prestacións por fillo a cargo da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado, se consideren en todo caso ingresos finalistas e, polo tanto, excluídos do cómputo ós efectos do previsto no presente artigo.

4.- No apartado 5 de artigo 24 establececese que o concello de residencia, no prazo dun mes desde a recepción da solicitude, remitiralle os informes, a proposta de resolución e maila restante documentación necesaria para poder continua-la tramitación do expediente á delegación provincial da consellería competente en materia de servicios sociais, para a súa cualificación e posterior resolución.

O CES considera que os prazos son excesivos e deberían axustarse ó máximo dun mes entre a recepción da solicitude e a súa resolución.

5.- No epígrafe g) do apartado 1 do artigo 32 establécese que as prestacións da renda de integración social de Galicia extinguiranse transcorridos catro anos consecutivos na súa percepción, establecéndose a súa prórroga si fose necesario manter ós beneficiarios na percepción da prestación pola súa situación de exclusión social e/ou desestructuración familiar da súa unidade de convivencia, especialmente cando existan menores na mesma.

O CES considera que non debería establecerse un límite temporal automático de catro anos consecutivos como causa de extinción das prestacións da renda de integración social, e debería regularse dito prazo en positivo como causa de revisión do cumprimento dos obxectivos dos itinerarios de inserción. Neste senso, considérase que polo órgano de resolución, e previo informe dos servizos sociais de atención primaria do concello de residencia do beneficiario, deben avaliarse de novo tódalas prestacións da renda de integración social que excedan catro anos consecutivos na súa percepción, revisando os requisitos obxectivos que se establezan nos itinerarios de inserción para evita-la súa cronificación; dita revisión podería afectar tanto á modificación dos itinerarios de inserción, como á prestación.

En coherencia co anterior debería modificarse o apartado 4 do artigo 32.

6.- Na **Disposición transitoria primeira** do anteproxecto de Lei sometido a dictame autorízase á Xunta de Galicia, durante os dous primeiros exercicios orzamentarios de aplicación desta lei, a unha aplicación progresiva do incremento do importe da renda de integración social de Galicia.

O CES entende que a aplicación progresiva da lei, dado que se pretendía a súa entrada en vigor o un de xaneiro do ano 2003, debería reducirse a un ano, acadando o subsidio básico o 70% do importe mensual do salario mínimo interprofesional, no primeiro ano de aplicación da lei.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2003

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun

ANEXO

**ANTEPROXECTO DE LEI POLO QUE SE REFORMA A LEI 9/1991,
DO 2 DE OUTUBRO, GALEGA DE MEDIDAS BÁSICAS
PARA A INSERCIÓN SOCIAL**

A Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social instaurou un plan de loita contra a pobreza a través de tres programas básicos:

1) A renda de integración social de Galicia, configurada como unha prestación social, de pago periódico mensual, destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar a súa autonomía e integración normalizada mediante un proxecto personalizado de inserción.

2) As axudas para situacións de emerxencia social, de pagamento único, destinadas a paliar necesidades extraordinarias e urxentes de persoas afectadas por situacións de emerxencia.

3) Os programas de desenvolvemento integral comunitario, sendo o pilar básico dos mesmos a Comisión Interdepartamental de Loita contra a Pobreza, constituída por representantes de tódalas consellerías da Xunta de Galicia para unha loita coordinada contra a pobreza.

Transcurridos varios anos de aplicación do texto lexislativo, no ano 1999 aborouse unha reforma da mesma na que cabe destacar a flexibilización dalgúns requisitos de acceso á prestación da renda de integración social de Galicia e a axilización dos procedementos de concesión, tanto da prestación periódica como da de pago único.

Na actualidade, transcurridos catro anos desde a primeira reforma, cómpre abordar novas melloras na prestación da renda de integración social de Galicia e nas axudas para situacións de emerxencia social, adaptando a normativa ás novas políticas activas de emprego e seguindo as tendencias apuntadas pola Mesa Autonómica de Avaliación e Seguimento da Renda de Integración Social de Galicia.

Hoxe o plan de loita conta a pobreza regulado na Lei 9/1991 está consolidado, existindo experiencias similares en tódalas comunidades autónomas do estado e no resto da Comunidade Europea. En consecuencia, corresponde agora examinar as incidencias apreciadas nos máis de dez anos transcurridos desde a súa entrada en vigor, entre as que se aprecian fundamentalmente as necesidades de incrementar as contías das prestacións e de prolongar a súa percepción ata o momento no que o beneficiario acade unha adecuada integración social e laboral.

Así, á marxe de reformas de tipo técnico, no relativo á renda de integración social de Galicia o máis relevante é o aumento da súa contía, incrementándose o importe do subsidio básico ata que ascenda ó 75 % do salario mínimo interprofesional, establecéndose tamén no caso dos complementos familiares respectivas porcentaxes sobre o importe mensual do devandito salario mínimo.

Por outra banda, mantense a extinción polo transcurso de catro anos na percepción da renda introducindo a excepción de que, a xuízo do órgano de resolución e previo informe dos servizos sociais de atención primaria do concello de residencia do beneficiario, fose necesario manter a este na percepción da prestación pola súa situación de exclusión social e/ou desestructuración familiar da súa unidade de convivencia, especialmente cando existan menores na mesma.

En canto a imposibilidade de reiterar a solicitude da renda en determinados supostos de extinción redúcese o prazo de espera de dous a un ano. Tamén se modifica a regulación da devolución por percepción indebida da renda, declarando que únicamente procede a devolución (por reintegro ou compensación) cando exista ocultación ou falseamento de datos por parte do beneficiario.

Adáptanse as prescripcíons sobre extranxeiros ó marco da Unión Europea e á nova normativa sobre a materia, igualándose os requisitos de acceso dos nacionais e os extranxeiros, co único requirimento da esixencia da residencia legal en España ós extranxeiros non comunitarios.

En canto o cómputo dos ingresos dos solicitantes, ó igual que sucede nas pensións non contributivas, establécese que deben valorarse os ingresos e os bens dos que dispoña o petionario no momento da solicitude.

No relativo á regulación das medidas activas de emprego para os beneficiarios da RISGA fanse referencias xerais sen conter unha regulación en detalle, como a vixente ata a data, con fin de evita-lo establecemento de estruturas ríxidas que condicionen as posibles liñas de actuación e faciliten a súa adaptación ás estratexias globais para o emprego, así como á realidade cambiante e dinámica do mercado de traballo e, en consecuencia, das políticas de emprego.

En concreto, co fin de incentiva-la incorporación dos beneficiarios da renda de integración social de Galicia ó mercado de traballo recóllese con carácter xeral o principio do outorgamento da máxima protección permitida pola normativa estatal e comunitaria vixente, en materia de incentivos tanto para a contratación por conta allea como para o autoemprego e economía social.

Asimesmo, tamén se establece que os beneficiarios da renda tamén terán prioridade para participar nos programas de colaboración con outras Administracións Públicas e entidaes sen ánimo de lucro, para a realización de obras e servizos de interese xeral ou social, así como para a súa participación en programas mixtos de formación e emprego.

En canto ás axudas para situacións de emerxencia social cómpre sinalar que se establece un sistema de anticipos de ata o 100 % do importe da axuda, que non obrigue o beneficiario a adiantar o seu importe.

Asimesmo, modifícanse dúas disposicións adicionais, unha para esixir que os orzamentos da Comunidade Autónoma inclúan as partidas necesarias para o financiamento dos programas contemplados na lei reformada e outra para autorizar á Xunta de Galicia a publicar un texto refundido que recolla tódalas modificacións do texto lexislativo.

Finalmente, introdúcense nesta lei dúas disposicións transitorias, que establecen un réxime de aplicación progresiva dos incrementos das contías establecidas.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo en nome de El-Rei a Lei pola que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social.

Artigo único.

Modifícanse os artigos 9, 12, 14, 18, 19, 20, 24, 31, 32, 33, 34, 35 e 50 e mailas disposicións adicionais primeira e terceira da Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social, que quedan redactados do seguinte xeito:

Artigo 9

1. Poderán ser beneficiarias da renda de integración social de Galicia, nas condicións previstas nesta lei, aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter residencia efectiva e estar empadroadas en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega alomenos durante o ano inmediatamente anterior á formulación da solicitude.

Quedan eximidas do cumprimento deste requisito dun ano:

- Aquelas persoas que, procedentes doutras comunidades autónomas do Estado español, sexan beneficiarias do salario social na Comunidade Autónoma da que proceden, sempre que na lexislación da Comunidade da que proceden se recolla a reciprocidade.

- Os emigrantes galegos, nos termos sinalados no artigo 3 do Estatuto de Autonomía para Galicia, cando fixasen a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma.

Os cidadáns de estados non membros da Unión Europea precisarán, ademais, acreditar a residencia legal en España no momento da formulación da solicitude.

b) Ter constituída unha unidade económica de convivencia independente, vinculada economicamente ó solicitante.

c) Que teñan unha idade comprendida ente os 25 e os 65 anos.

Non obstante, tamén poderán ser beneficiarias:

- As persoas menores de 25 anos que, reunindo o resto dos requisitos desde artigo, teñan menores ó seu cargo.

- As persoas maiores de 18 anos que, tendo recoñecida a condición de minusválidos, non teñan dereito a prestación ou axuda de igual ou análoga natureza.

- As persoas maiores de 18 anos que, antes de acadaren a maioría de idade, estivesen tuteladas pola Xunta de Galicia e internadas en centros de protección de menores.

- As persoas maiores de 18 anos en situación de orfandade absoluta que, reunindo os demais requisitos deste artigo, non teñan dereito a outras prestacións ou axudas de análoga natureza.

d) Dispoñer duns recursos inferiores á contía da prestación económica da renda de integración social de Galicia que lles correspondería considerando a súa situación económica e familiar de acordo co artigo 12 desta lei.

e) Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de prestarlles alimentos de acordo coa lexislación civil. A xuízo do órgano de resolución poderanse eximir deste requisitos aqueles solicitantes dos que se preveza que a obriga de alimentos non se poida facer efectiva por malos tratos, relacións familiares deterioradas ou inexistentes, das que exista constancia no expediente.

Non obstante, considérase que non teñen a obriga de prestar alimentos os parentes que, en atención ás circunstancias socioeconómicas concorrentes, non poden facer fronte ou atender as necesidades básicas da unidade familiar solicitante sen atender as propias necesidades ou as dos familiares ó seu cargo. As circunstancias constarán claramente no informe social correspondente.

2. Para os efectos dos disposto neste artigo, enténdense por residencia efectiva aquela que habite o solicitante por tempo superior a seis meses nun período de doce.

Artigo 12

1. A contía do subsidio básico será equivalente ó 75 % do importe mensual do salario mínimo interprofesional, fixado na lexislación específica que resulte aplicable.

2. A contía do complemento variable, en función do número de membros da unidade de convivencia independente, será a seguinte:

- O 12 % do importe mensual do salario mínimo interprofesional polo primeiro membro adicional.
- O 10 % do importe mensual do salario mínimo interprofesional polo segundo membro adicional.
- O 8 % do importe mensual do salario mínimo interprofesional por cada un dos restantes membros adicionais.

3. O importe que percibirá cada beneficiario estará constituído pola diferenza entre a contía mensual da renda de integración social de Galicia, que conforme a este artigo lle corresponde, e a dos recursos económicos dos que dispoña, computados de acordo co artigo 14, e en ningún caso poderá supera-lo límite do 125 % do importe mensual do salario mínimo interprofesional.

Artigo 14

1. Para os efectos previstos nesta lei, entenderanse como recursos económicos dos que dispón a unidade de convivencia independente os seguintes:

a) O total de ingresos que perciba no momento da solicitude o solicitante ou as persoas que constitúan a unidade de convivencia en concepto de retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios ou por calquera outro concepto.

b) Asemade terán a consideración de recursos económicos as cantidades percibidas en concepto de pagamento único, depósitos bancarios, contas correntes, de aforro, así como os bens mobles ou inmobles sobre os que se posúa un dereito de propiedade, posesión, usufructo ou calquera outro. Denegarase a concesión da prestación económica por causa dos citados conceptos cando as súas características, valoración, posibilidade de explotación ou venda, indiquen a existencia de medios suficientes para a subsistencia dos membros da unidade de convivencia, excepción feita da vivenda destinada a uso dela, sempre que a súa valoración catastral non supere dez anualidades do salario mínimo interprofesional vixente.

c) En todo caso, non se considerarán os ingresos irregulares que unicamente resulten un complemento de supervivencia nin tampouco os ingresos de carácter finalista dirixidos á formación regrada ou a paliar situacións de emerxencia social.

2. Para o cómputo dos recursos económicos da unidade de convivencia a instancia normalizada de solicitude incluírá unha declaración xurada na que o petionario fará constar tódolos recursos dos que dispoña a unidade de convivencia.

3.- Na instancia normalizada á que se refire o apartado anterior o solicitante fará constar que autoriza ó órgano de resolución para recaba-la información adicional que considere necesaria para a adecuada estimación dos ingresos ou recursos económicos da unidade de convivencia, e en xeral para completa-lo expediente, dirixíndose ós órganos públicos ou privados competentes, xa sexa a través de acceso directo a bases de datos por medios informáticos ou cursando o correspondente oficio.

Artigo 18

1. Todo proxecto de inserción para acadar-la súa finalidade deberá integrar accións da seguinte natureza:

a) Accións que procuren a rehabilitación persoal e familiar.

b) Accións que procuren a integración no medio social.

c) Accións de motivación laboral, orientación profesional e formación ocupacional.

d) Actividades de interese colectivo e social en entidades públicas ou privadas, sen menos-cabo dos seus dereitos laborais, así como nos diversos programas de colaboración con outras administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro, para a realización de obras e servicios de interese xeral ou social, e nos programas mixtos de formación e emprego.

e) Actividades orientadas cara o traballo autónomo ou calquera das formas de economía social.

f) Accións tendentes á plena incorporación ó traballo mediante a formalización do correspondente contrato laboral.

2. No suposto de que os proxectos de inserción inclúan algunha das medidas previstas nas alíneas c), d) e f) do punto anterior, o beneficiario quedará obrigado a inscribirse como demandante de emprego na correspondente oficina do Servicio Público de Emprego.

3. Naqueles casos nos que así se considere, o proxecto de inserción poderá estar integrado exclusivamente polas accións que deban realizarse para o coidado do fogar, a atención a menores ou maiores eivados ou calquera outra dedicación solidaria.

4. En calquera caso, o proxecto de inserción deseñarase con criterios rigorosos de programación, con determinación de obxectivos, prazos, medios e actividades que permitan a posterior avaliación dos efectos reais de aplicación da renda de integración social de Galicia en cada caso.

Artigo 19

Coa finalidade de incentivar-la incorporación dos beneficiarios da renda de integración social de Galicia ó mercado de traballo, a Xunta de Galicia primará, especialmente, ós integrantes de dito colectivo, a través dos incentivos tanto para a contratación por conta allea como para o autoemprego e economía social, dándolles o máximo nivel de axuda que, en cada momento, permita a normativa vixente.

Artigo 20

Os beneficiarios da renda de integración social de Galicia tamén terán prioridade para participar nos programas de colaboración con outras administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro, para a realización de obras e servicios de interese xeral ou social, así como para a súa participación en programas mixtos de formación e emprego.

Artigo 24

1. O recoñecemento da renda de integración social de Galicia realizarase logo de solicitude do interesado, mediante a presentación no seu concello do modelo normalizado pola consellería competente, ó que deberá acompañar os documentos necesarios para xustificalo cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 9 e aqueles outros que se puidesen determinar regulamentariamente.

2. As entidades locais, a través dos equipos técnicos dos servizos sociais de atención primaria municipais correspondentes, elaborarán un informe social no que se valore a procedencia, ou non, da aplicación da renda de integración social de Galicia, así como, se é o caso, a proposta dun proxecto de inserción, de acordo co disposto nesta lei.

3. O informe sinalado no punto anterior salientará o perfil sociolóxico e unha valoración sobre as posibilidades de inserción social e/ou laboral, indicando, neste último suposto, que centros ou institucións adecuados existen no contorno do beneficiario. Así mesmo, salientará cantos datos se estimen pertinentes para poñer de manifesto: a existencia dunha unidade de convivencia independente; o número de persoas que conviven, xunto coa información sobre minusvalidez que poida afectar algún dos seus membros; e a descrición do fogar e da posible existencia de persoas ou familiares con obriga legal e posibilidade real de prestación de alimentos.

4. A proposta do proxecto de inserción deberá contar co asentimento da persoa interesada ou, no caso contrario, coas razóns invocadas por ela para o seu rexeitamento.

5. O concello de residencia, no prazo dun mes desde a recepción da solicitude, remitiralle os informes, a proposta de resolución e maila restante documentación necesaria para poder continuar a tramitación do expediente á delegación provincial da consellería competente en materia de servizos sociais, para a súa cualificación e posterior resolución. De non se remitir no prazo sinalado, dado o carácter determinante para a resolución do procedemento, sen prexuízo da responsabilidade na que incorre o responsable da demora, quedará interrompido o prazo para resolverlo expediente, de conformidade co previsto no artigo 83.3 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. Excepcionalmente, naqueles casos nos que a situación do beneficiario o faga imprescindible, poderá realizarse a solicitude ó seu nome o propio concello; sen embargo, non se resolverá favorablemente o expediente mentres o interesado non asuma o proxecto de inserción social e/ou laboral que, por proposta dos servizos sociais de atención primaria, sexa aprobado polo órgano de resolución da renda de integración social de Galicia.

Artigo 31

1. Cando os recursos económicos, computados de acordo co artigo 14, superen, en cómputo mensual, por un período inferior a seis meses, a prestación económica da renda de integración social de Galicia correspondente en cada caso, suspenderase o seu aboamento e reiniciarase por instancia do beneficiario cando decaian as circunstancias que motivaron a devandita suspensión.

2. Igualmente, será causa de suspensión a imposibilidade sobrevida, por parte do beneficiario, de cumprilas obrigas asumidas, ou que sexa declarado legalmente incapacitado. Neste suposto, en función das circunstancias concorrentes, poderá acordarse o aboamento da prestación a outro membro da unidade de convivencia, modificando, se procede, a súa contía mentres subsistan as citadas causas.

3.- Tamén procederá a devandita suspensión cando por causa non imputable ó beneficiario exista imposibilidade de coñecer datos que puideran dar lugar á modificación ou extinción da prestación que viñese percibindo. Esta suspensión en ningún caso poderá prolongarse por un período superior a tres meses.

Artigo 32

1. As prestacións da renda de integración social de Galicia extinguíranse por:

a) A perda dalgún dos requisitos esixidos para o seu recoñecemento, sen prexuízo do establecido no punto 1 do artigo anterior.

b) O falecemento do beneficiario, suposto no que será aplicable o disposto no punto 2 do artigo 31, mentres tramite unha nova solicitude outro membro da unidade de convivencia independente.

c) O incumprimento das obrigas previstas no artigo 23 desta lei por causas imputables ó beneficiario.

d) O mantemento das causas que deron lugar á suspensión cautelar previstas nos parágrafos primeiro e segundo do artigo 31 por tempo superior a seis meses así como o mantemento da causa de suspensión cautelar prevista no parágrafo terceiro do devandito artigo 31 por tempo superior a tres meses.

e) A ocultación, o falseamento de datos ou calquera outra actuación fraudulenta dirixida a obter ou conserva-la prestación económica, sen prexuízo dos disposto no vixente Código Penal.

f) O traslado da súa residencia efectiva a un concello que non estea comprendido no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás que se produza a circunstancia sinalada no artigo 5.g) desta lei.

g) O transcurso de catro anos consecutivos na súa percepción excepto que, a xuízo do órgano de resolución e previo informe dos servizos sociais de atención primaria do concello de residencia do beneficiario, fose necesario manter a este na percepción da prestación pola súa situación de exclusión social e/ou desestructuración familiar da súa unidade de convivencia, especialmente cando existan menores na mesma.

2. Cando a extinción se leve a cabo pola causa sinalada na alínea e) do apartado 1 anterior dará lugar á devolución das cantidades indebidamente percibidas polo beneficiario, as cales deberán ser reintegradas ou serán obxecto de compensación, nos termos que sinala o órgano de resolución, no caso de que se lle recoñeza un novo dereito á renda de integración social de Galicia.

3. Nos supostos nos que a extinción do dereito se producise en virtude do incumprimento das obrigas establecidas nos apartados 1, 2, 3 e 4 do artigo 23 ou en virtude do establecido nas alíneas e) ou g) do apartado 1 anterior, non se lle poderá recoñecer a calquera membro da unidade de convivencia un novo dereito á renda de integración social de Galicia ata que transcorra un ano desde a data na que se dictase a resolución da extinción do dereito, salvo que unha persoa non responsable do incumprimento constituíse unha nova unidade de convivencia.

4. Non obstante, cando se produza a extinción polo transcurso de catro anos consecutivos na percepción poderase recoñecer un novo dereito á renda de integración social de Galicia se durante o transcurso do período dun ano ó que se refire o apartado 3 anterior concorresen circunstancias excepcionais que produciñen a modificación das condicións obxectivas concorrentes no momento de extinguirse a prestación que agraven a situación de exclusión social do interesado e/ou a situación de desestructuración social e/ou familiar da unidade de convivencia na que se integra, debidamente acreditadas polos servizos sociais de atención primaria do seu concello de residencia.

Artigo 33

Contra as resolucións dictadas polos delegados provinciais poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada perante o titular da consellería competente en materia de servizos sociais.

Artigo 34

O recurso poderase interpoñer ante o órgano que dictase a resolución ou ante o órgano competente para resolvelo, de acordo co previsto no artigo 114 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, según redacción dada pola Lei 4/1999.

Artigo 35

1. Se a resolución fose estimatoria do recurso, os efectos económicos deste retrotraeranse á data de resolución inicial denegatoria, nos termos fixados polo artigo 15 desta lei.
2. A resolución do recurso de alzada poñerá fin á vía administrativa.

Artigo 50

1. As axudas para situacións de emerxencia social reguladas na presente lei poderán aboarse anticipadamente, en pago total ou fraccionado, nas porcentaxes que estime procedente o órgano de resolución atendendo ás circunstancias de cada caso, debendo o beneficiario xustificar o gasto subvencionado conforme ós requisitos que se establezcan regulamentariamente.

2. Sen perxuízo do sinalado no apartado anterior, a Xunta de Galicia reserva para a si a facultade de efectuarlle o pagamento da axuda directamente, e en nome do beneficiario, á persoa, entidade ou empresa que realice a prestación ou o servizo a favor deste, naqueles casos nos que o considere conveniente o órgano de resolución, co fin de garanti-la súa aplicación finalista.

3. En todo caso, a resolución de concesión da axuda de emerxencia social poderá ser revogada no suposto de que non se realicen as obras orzamentadas ou non se destine a mesma para o fin solicitado.

Disposición adicional primeira

Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma incluírán as partidas necesarias para o financiamento dos programas contemplados nesta lei.

Disposición adicional terceira:

Autorízase á Xunta de Galicia a publicar un texto refundido da Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social, co obxecto de recolle-las modificacións establecidas por disposicións lexislativas posteriores.

Disposición transitoria primeira:

Autorízase á Xunta de Galicia, durante os dous primeiros exercicios orzamentarios de aplicación desta lei, a unha aplicación progresiva do incremento do importe da renda de integración social de Galicia, nos seguintes termos:

1. No ano de entrada en vigor desta lei a contía do subsidio básico será equivalente ó 65 % do importe mensual do salario mínimo interprofesional, fixado na lexislación específica que resulte aplicable. A contía do complemento variable, en función do número de membros da unidade de convivencia independente, no devandito ano será a seguinte:

- 45,12 euros polo primeiro membro adicional.
- 36,54 euros polo segundo membro adicional.
- 27,52 euros por cada un dos restantes membros adicionais.

2. Durante o ano natural seguinte ó da entrada en vigor desta lei a contía do subsidio básico será equivalente ó 70 % do importe mensual do salario mínimo interprofesional, fixado na lexislación específica que resulte aplicable. A contía do complemento variable, en función do número de membros da unidade de convivencia independente, no devandito ano será a seguinte:

- O 11 % do importe mensual do salario mínimo interprofesional polo primeiro membro adicional.
- O 9 % do importe mensual do salario mínimo interprofesional polo segundo membro adicional.
- O 7 % importe mensual do salario mínimo interprofesional por cada un dos restantes membros adicionais.

Disposición transitoria segunda:

En tanto non se dicten as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do artigo 46 da Lei 9/1991, según redacción dada pola Lei 1/1999, para determinar en cada caso concreto o importe das axudas para situacións de emerxencia social atenderase á situación económica e familiar do solicitante, cos seguintes límites:

1. Dúas veces e media o importe mensual do salario mínimo interprofesional para gastos imprescindibles no uso da vivenda habitual.

2. Oito veces o importe mensual do salario mínimo interprofesional para gastos de mantemento da habitabilidade ou accesibilidade da vivenda habitual.

3. Dúas veces o importe mensual do salario mínimo interprofesional para gastos de equipamento básico da vivenda.

4. Unha vez e media o importe mensual do salario mínimo interprofesional para gastos destinados a cubrir necesidades primarias.

5. Unha vez e media o importe mensual do salario mínimo interprofesional para gastos derivados do traslado da vivenda se este se produce dentro da mesma localidade e dúas veces aquel importe en caso contrario.

Disposición derogatoria única


Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan o disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira

Autorízase á Xunta de Galicia para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta disposición legal.

Diposición derradeira segunda

Esta lei entrará en vigor un mes despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



Dictame
2/03

